



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 01-10), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar,

SECTOR DE PROFESORES, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a DOUS (2) mestre/s, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros tres representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2012

2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.

3.- **As candidaturas** correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 14 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director do Centro, que actuará como presidente e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de UN (1) nome/s da lista de candidatos.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do **Claustro extraordinario** para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o **día 17 de novembro**, ás 18:10 horas.

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 5 de novembro de 2014

O DIRECTOR DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: José Manuel García Yanes

